

Queridos irmáns,
un ano máis o noso Deus convidanos a
celebrar a Semana Santa, na que
contemplamos e acompañamos con fe, con
devoción e recolleto, a Xesús o noso
Señor no camiño da súa paixón, morte e
resurrección.

Todos sentimos dalgunha maneira o peso do
nosso pecado, que El levou como unha cruz.
Nas nosas celebracións litúrxicas, axudados
polas procesións destes días, coa nosa
oración persoal e comunitaria,
participaremos nos seus misterios
dolorosos, miraremos cara Xesús, confiados
en que non veu condenar, senón a perdoar, a
sandar aos enfermos e chamar aos
pecadores á conversión e á vida. Nel temos a
paz: converteu o noso pecado en ocasión de
mostrar o seu amor e compaixón; soportou
os nosos sufrimentos e o castigo dos nosos
crimes abrindo o corazón ao Pai,
encomendándose completamente a súa
misericordia e sabedoría.

Neste ano 2024 todo nos convida a vivir con
máis conciencia e corazón este misterio de
fe. O espectáculo do mundo, o dilatar da
guerra e a dor, do abuso e da mentira, e a
morte mesma mostran con evidencia que o
nos ben e o noso futuro non están en poder
dos homes; que nos equivocariamos
confiando a nosa existencia en mans dos
grandes da terra. Cantos sentimentos de
abandono neste mundo, experimentado con
ocasión de loitas e guerras, ou na miseria, a
inxustiza e a fame, ou na soidade!

Pero na Semana Santa celebramos que
existe Aquel que non nos deixa nin nos
despreza, o Señor Xesús, que escoita este
sufrimento, este clamor, que leva o peso do
pecado de todos. El desvela así o misterio da
vontade do Pai, e fai que podamos crer no
seu Amor, que enchía, movía e guiaba o seu
Corazón para entregarse por nós. Son días
en que afirmamos publicamente a obra
humilde e marabillosa do Señor, que abre
para nós camiños de vida e esperanza,
descoñecidos para quen confía na violencia
e a mentira, en falsas glorias, demasiado
humanas.

Co seu amor, vencedor da morte e do
pecado, e coa súa resurrección Cristo salva
xa agora a nosa humanidade e o noso
corazón, reconcílianos co Pai, ensínanos a
amar como El amou, cambia a nosa mirada
sobre o mundo e permítenos vivir na
verdade.

Na celebración da Semana Santa, os nosos
actos litúrxicos, as procesións e os moitos
xestos de relixiosidade popular axúdannos a
percibir a grandeza destes acontecementos,
a recoñecer o Amor de Deus.



Demos grazas a todas as nosas Confrarías pola súa dedicación,
porque contribúen decisivamente a que os misterios da fe se mostren
publicamente ante os ollos de todos. Participemos de corazón nas
procesións, na medida do posible, contemplando e acompañando os
pasos coas nosas oracións.

Confiemos especialmente estes días no amparo da Santísima Virxe
María, que non abandonou nunca ao seu Fillo, e que El nos entregou
como Nai desde a cruz.

Que esta semana Santa sirva para facer máis viva a nosa fe, faga
crescer a esperanza, nos axude a estar no mundo, a renovalo coa
caridade do corazón e a obra das nosas mans, a ser todos máis
irmáns.

Felices Pascuas a todos!

+Alfonso,
Bispo de Lugo